

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 5 de decembro de 2017

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:
Yolanda Bouzas Alfonsín.
José Luis Sampedro Bouzas.
José Pedro Cambón Fernández.
Non asiste:
Francisco Javier Blanco Sánchez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.00 horas do martes 5 de decembro de 2017, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º.- Acta anterior correspondente ao día 16 de novembro de 2017.
- 2º.- Comunicaci3ns previas (obras menores).
- 3º.- Licenzas de obra menor.
- 4º.- Licenza de obra maior.
- 5º.- Aceptaci3n de cesi3n de terreos.
- 6º.- Comunicaci3n previa (actividade).
- 7º.- Rogos e preguntas.

PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 16 DE NOVEMBRO DE 2017.

Ac3rdase por unanimidade a aprobaci3n da acta da xunta anterior do d3a 16 de novembro de 2017.

SEGUNDO.- COMUNICACI3NS PREVIAS (OBRAS MENORES).

a) Deuse conta dunha comunicaci3n previa asinada por AMELIA LUEIRO NEGREIRA, con domicilio en Vilar 12, Viceso , na que comunica que vai realizar obras de reparaci3n da cuberta da vivenda sita en Vilar 12, Viceso, substituíndo as tellas existentes por outras novas, sen incrementar o volume da cuberta.

A parcela onde se pretenden executar as obras at3pase dentro da 3rea de solo de n3cleo rural (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, 3 vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicaci3n previa asinada por Ana Cristina Camiño Villaverde, que di actuar en representaci3n da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS URBANIZACI3N RIO PEGO, con domicilio na Avd. da Mah3a 60, 1ªA, Bertamir3ns, Ames, na que comunica que van realizar obras para impermeabilizar as terrazas das vivendas dos edificios situados na Urb. Rio Pego 2º andar, portais 2, 3, 5, 6, 7 e 8, Os 3nxeles. Trátase de obras de escasa entidade destinadas a garantir as condici3ns de estanquidade que non afectan 3 configuraci3n arquitect3nica da envolvente da edificaci3n, nin 3 estrutura e instalaci3ns.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras at3pase dentro do 3mbito do solo clasificado polo PXOM como solo urbano (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIA DOLORES MOURIÑO CARDESO, con domicilio en Estrar 38, Os Ánxeles, na que comunica que vai realizar obras de construción dun peche de 3 metros de ancho e 3 de largo, con arame e postes, en Estrar, Os Ánxeles.

A parcela onde se pretenden realizar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de rústico de protección agropecuaria, séndolle de aplicación, en base á disposición transitoria 1ª.2.d) da Lei 2/2016, o disposto nesta lei para o solo rústico.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que o peche non supere 1,80 m. de altura medidos desde a rasante natural do terreo.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Ramón Ferreira Fernández, que di actuar en representación de MANUEL MIGUEZ CASAL, con domicilio en Guisande 17, Os Ánxeles, na que comunica que vai realizar obras de acondicionamento do salón-comedor e illamento das paredes de pedra, en Guisande 17, Os Ánxeles.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo de núcleo rural da zona leste en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por RAMON ALCIDE GRAMUNT CASTRO, con domicilio en Pedrouzos 26 , Ames, na que comunica que vai realizar obras de peche de finca, con poste e arame, no Outeiro, Bastavales.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo de núcleo rural (NRL-1), séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MANUEL JOSE BLANCO RIAL, con domicilio en Aguiar 32, Brión, na que solicita licenza de obras para arranxar unha tubería de abastecemento de auga que discorre pola vía pública no lugar de Aguiar, Brión.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e sempre que se cumpran as seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder, en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Deberá comunicar ao concello o día no que vai proceder á reparación para poder efectuar a visita por parte do departamento de obras.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia asinada por José Antonio Fernández Amaro, que di actuar en representación de UNION FENOSA DISTRIBUCION S.A, con domicilio en Avda. de Arteixo 171, A

Coruña, na que solicita licenza para obras de subministro de enerxía eléctrica, mediante rede de baixa tensión subterránea, desde o centro de transformación ata a CPM do peticionario, nunha lonxitude de 93 metros, en Adoufe, Os Ánxeles, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro industrial Miguel Ángel Bernal López (Expediente: 218317010128).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 465 €, que deberá presentar no concello, con anterioridade á expedición da licenza.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

CUARTO.- LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por José Mario López Freire, que di actuar en representación de CELESTINO CARAMES GORGAL e MARIA BEGOÑA GIMENEZ MOSQUERA, con domicilio en Urb. Balado 12, 2ºC, Os Ánxeles, de solicitude de licenza para construír unha vivenda unifamiliar, en Adoufe 17, Os Ánxeles, segundo proxecto de execución redactado polo arquitecto José Mario López Freire, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 06/09/2017 e documentación complementaria presentada no Concello o 31/10/2017 (r.e. 4539).

A parcela onde se pretenden executar as obras (referencia catastral 6952563NH2465S0000KF) atópase dentro da área de solo de núcleo rural para áreas non consolidadas pola edificación (NRL-2), séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto José Mario López Freire, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 06/09/2017 e documentación complementaria presentada no Concello o 31/10/2017 (r.e. 4539).

- Como garantía da urbanización do espazo de cesión que implica a pavimentación dese espazo e a execución das conexións coas redes de servizo existente no núcleo (abastecemento, saneamento, pluviais e alumado público), imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que o interesado deberá presentar no concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- Non se conecta á rede de saneamento pola súa situación a mais de 160 metros de distancia.

- Ao non recollerse nos planos a conexión á rede de abastecemento, deberá presentar no momento da obtención da licenza de primeira ocupación, a autorización de Augas de Galicia para a construción dun pozo.

- Esta licenza non é válida para a execución dos muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude de licenza a tales efectos.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear

seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 15 m² para ampliación de viais, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 4 de decembro de 2017.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

QUINTO.- ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS.

a) Vista a copia da escritura de segregación, distribución de responsabilidade hipotecaria e cesión gratuíta número 749, de data 22/08/2017, outorgada ante o notario Manuel María Romero Neira, presentada neste concello por Ana María Gesto Pombo, con domicilio en Urb. Río Pego 2, 2ºD, Os Ánxeles, solicitando a aceptación da cesión efectuada por requiririllo o Rexistro da Propiedade de Negreira.

Resultando que a Xunta de Goberno Local do concello en sesión do 07.06.2017 adoptou o seguinte acordo:

"" SEXTO.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Marcos García Vázquez, que di actuar en representación de ANA MARIA GESTO POMBO, con domicilio en Quintáns 17, Brión, na que solicita licenza de segregación da parcela 1.049 do lugar de Quintáns, San Félix de Brión, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Marcos García Vázquez, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña - Pontevedra), con data 06/06/2017 (expediente núm. 20170360).

Descrición da parcela matriz:

Parcela nº 1049

Referencias catastrais: 5865501NH2456N e 5865502NH2456S

Superficie catastral: 3.935 m²

Superficie rexistral: 3.742,39 m²

Superficie segundo medición recente: 3.742 m²

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural (NRL-2).

Lindes:

Norte: zona excluída.

Sur: Mercedes Moure Rodríguez (197) e Carmen Queiro Míguez e outros (198).

Leste: finca segregada ou rexistral 20804.

Oeste: Ramón Vázquez Casal (194), regato en medio.

Sobre esta parcela existe unha vivenda unifamiliar de 351,82 m² construídos, composta de planta baixa de 265,45 m², dos cales 193,60 m² están destinados a vivenda, 46,35 m² a garaxe e 25,50 m² a dous porches, e planta baixo cuberta destinada a desván de 86,37 m².

Segregación pretendida:

Subparcela A:

Superficie bruta: 1.737 m².

Superficie de cesión (a 5,50 m. do eixo do camiño): 37 m².

Superficie neta: 1.700 m²

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural (NRL-2).

Norte: subparcela B desta segregación e estrada.

Sur: Mercedes Moure Rodríguez (197) e Carmen Queiro Míguez e outros 198).

Leste: estrada.

Oeste: Ramón Vázquez Casal (194), regato en medio.

Sobre esta parcela existe unha vivenda unifamiliar de 351,82 m² construídos, composta de planta baixa de 265,45 m², dos cales 193,60 m² están destinados a vivenda, 46,35 m² a garaxe e 25,50 m² a dous porches, e planta baixo cuberta destinada a desván de 86,37 m².

Subparcela B:

Superficie bruta: 2.005 m².

Superficie de cesión (a 5,50 m. do eixo do camiño): 36 m².

Superficie neta: 1.969 m²

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural (NRL-2).

Norte: zona excluída.

Sur: subparcela A desta segregación.

Leste: estrada.

Oeste: Ramón Vázquez Casal (194), regato en medio.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, informando á interesada, que segundo o artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, deberá proceder á cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento, que se cumprimentará con ocasión do procedemento de concesión de licenza de obras, no seu día. Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.””

Visto o informe do asesor xurídico urbanístico do concello de data 30.11.2017 no que se informa favorablemente a aceptación da cesión dos terreos.

Á vista do exposto e aos efectos de regularizar no Rexistro da Propiedade as cesións dos terreos situados fóra das aliñacións previstas polo planeamento, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Aceptar a cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento correspondente a setenta e tres metros cadrados (73m²) das dúas parcelas resultantes da licenza de segregación outorgada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 07.06.2017, aos efectos de complementar o título para a inscrición no Rexistro da Propiedade de conformidade co previsto polos artigos 30.2 e 31 do Real Decreto 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e efectos.

SEXTO.- COMUNICACIÓN PREVIA (ACTIVIDADE).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Analia Pérez Barbazán, que di actuar en representación de PANADERIA PASTELERIA LA CANELA S.L., con domicilio en Avda. de Noia 18, Os Ánxeles, para o funcionamento do obrador de panadería anexo ao local comercial situado na Avd. de Noia 18, Os Ánxeles, destinado a panadería pastelería e café bar “A Canela”.

Resultando que a Xunta de Goberno Local en sesión de data 22.12.2015 concedeu a licenza de obra para ampliar un obrador de panadería anexo ao local comercial situado na Avd. de Noia 18, Os Ánxeles, destinado a panadería pastelería e café bar “A Canela”, coa seguinte condición:

Unha vez rematadas as obras de construción da edificación de uso comercial, deberá presentar a oportuna comunicación previa de actividade, de acordo co establecido pola Lei 9/2013, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia, acompañada da seguinte documentación:

- Certificado final de obra visado.
- Certificado emitido por empresa homologada no referente ao cumprimento das condicións acústicas, conforme á Lei 37/2003 do ruído e o Real Decreto 1367/2007 de desenrolo.
- Informe favorable da empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de auga potable e saneamento.
- Memoria técnica asinada xustificativa do cumprimento da normativa sectorial aplicable: acústica (Real Decreto 1367/2007), accesibilidade (Decreto 35/2000), incendios (CTE-DB-Si) e salubridade (CTE-DB-Sa).
- Real Decreto 1027/2007, polo que se aproba o regulamento de instalacións térmicas nos edificios (RITE).
- Declaración de que se cumpren os requisitos para o exercicio da actividade e que as instalacións cumpren as condicións de salubridade, seguridade e as demais previstas no planeamento urbanístico.

A Xunta de Goberno Local visto o informe favorable da arquitecta municipal no que se sinala que consta realizada a visita de verificación e comprobación de acordo co artigo 25.2 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, toma coñecemento da comunicación efectuada e autoriza, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, a apertura do establecemento dedicado a obrador de panadería anexo ao local comercial situado na Avd. de Noia 18, Os Ánxeles, destinado a panadería pastelería e café bar “A Canela”.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

SÉTIMO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 13,15 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

José Luis García García

O secretario

Javier Nieves González